

## BASES DO II CONCURSO “BATALLA MURAL”

### PRIMEIRA.- FINALIDADE

O Concello de Vigo convoca o concurso de arte urbano “BATALLA MURAL” co obxectivo de achegar o valor da cultura urbana, especialmente do arte urbano e do *graffiti* en todas as súas manifestacións, á cidadanía en xeral e á xuventude en particular e conectalo co valor cultural, patrimonial e social da cidade de Vigo e, ao mesmo tempo, promocionar e dar participación a xóvenes creadores de *graffiti* e arte urbano como cauce de expresión cultural e artística.

### SEGUNDA.- PARTICIPANTES

A inscrición será gratuita e aberta a persoas a partir dos 18 anos.

A participación será individual.

É requisito indispensable que ningún dos participantes teña participado en ningunha das edicións do programa “Vigo, cidade de cor” organizado polo Concello de Vigo.

### TERCEIRA.- TEMÁTICA

A temática será secreta ata o día da celebración do evento. O tema se comunicará aos participantes media hora antes do inicio da “Batalla Mural”.

Non serán admitidos traballos con contidos políticos, irreverentes, obscenos, xenófobos o calquera outro que atente contra a dignidade das persoas. No caso de que algún dos murais participantes tivese algún destes contidos será descalificado automáticamente.

### CUARTA.- PRESENTACIÓN

A documentación que deberá enviarse para a participación no concurso será a seguinte:

- Solicitud de inscrición no concurso organizado polo Concello de Vigo-Patrimonio Histórico “Batalla mural”, onde constarán os datos persoais necesarios para a identificación do/a participante e un teléfono e dirección de correo electrónico de contacto, e declaración de que se coñecen estas bases e se aceptan na súa totalidade.

- Coa solicitude se presentará un dossier cos traballos do/a artista realizados ata a data que servirán de base para que o xurado seleccione aqueles participantes que considere que poderán cumplir os obxectivos do concurso recollidos na base Primeira seguindo os criterios indicados na base Sexta Fases do concurso.

- A solicitude deberá enviarse á seguinte dirección de correo electrónico: [ofi.ph@vigo.org](mailto:ofi.ph@vigo.org).

- O prazo de presentación de solicitudes finalizará o 24 de setembro de 2020 ás 15 horas.

### QUINTA.- DATA, LUGAR E HORA DA “BATALLA MURAL”

DATA: sábado 26 de setembro de 2020.

LUGAR: sé da Diputación de Pontevedra na rúa Eduardo Chao 17 de Vigo.

HORA: a actividade comenzará ás 10:30 horas; non obstante, os participantes seleccionados para concursar deberán presentarse media hora antes, momento no que se lles comunicará a temática escollida e se fará entrega dos materiais para a realización dos traballos. O concurso rematará ás 18.00 horas do mesmo día.

### SEXTA.- FASES

O certame constará de dúas fases:

- 1.- Fase de selección: o xurado seleccionará entre os perfís enviados aquellos que considere máis novedosos, representativos e de maior expresión artística atendendo á formación, técnica e traballos presentados na



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 04/09/2020 09:54

Páxina 3 de 5

Expediente 9958/307

CSV: 2BED86-B5AEA1-EDC9D1-SVDFRF-QE1TS9-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

solicitud de participación e conforme aos criterios de creatividade, orixinalidade e cualidade, puidendo seleccionar ata un máximo de 10 traballos/artistas que pasarán á fase final. Outros 5 traballos/artistas quedarán na reserva. Os artistas seleccionados serán notificados polo Concello de Vigo e se lles emprazará para o día do concurso.

Os participantes aos que sexa imposible localizar para notificar a súa selección quedarán descalificados e se contactará cos finalistas da reserva segundo o orde da súa posición.

2.- Fase final: os participantes seleccionados realizarán as súas obras sobre unha peza de cartón pluma de 2x2,5 metros que se instalarán no exterior do edificio institucional da Deputación de Pontevedra. As obras serán realizadas pola mesma persoa que presentou a solicitude.

Nesta fase final o xurado elexirá a un primer gañador e dous gañadores máis “en reserva”, segundo e tercer posto. Estes gañadores “en reserva” teranse en conta para o caso de que o primeiro gañador non puidese participar na vindeira edición do programa “Vigo, cidade de cor” (programa municipal de medianeiras), organizado polo Concello de Vigo.

Os participantes na “Batalla Mural” asumen o compromiso de non retirar a súa obra antes da decisión do xurado; os participantes non premiados, unha vez finalizado o evento, poderán retirar os seus traballos.

## SÉTIMA.- HONORARIOS E GASTOS

Ningún participante percibirá pola súa asistencia cantidad algúns en concepto de honorarios.

Os gastos de desplazamentos, manutención e/ou aloxamento que puideran derivarse da participación nesta actividade serán por conta de cada un dos participantes.

## OITAVA.- MATERIAIS

O Concello de Vigo subministrará o material necesario para pintar, isto é, os botes de sprays (caps necesarios).

Proveerase a todos os participantes dun mínimo de 10/12 colores de spray e serán as mesmas cores para todos os participantes, cos que terán que desenvolver a súa obra durante o tempo indicado. Os participantes non poderán utilizar outros materiais (tales como marcadores, stickers, plantillas, etc.) que no sexan os subministrados polo Concello.

Non se permite a utilización de medios auxiliares de elevación.

## NOVENA.- DEREITOS

Os premiados autorizan ao Concello de Vigo para a publicación, reproducción ou distribución, total ou parcial, da obra gañadora con renuncia expresa a calquera tipo de reclamación que poida derivarse e nos termos esixidos no Real decreto lexislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de propiedade intelectual. Os dereitos adquiridos polo Concello de Vigo non alcanzarán, en ningún suposto, a transmisión dos dereitos da propiedade intelectual. Únicamente é unha cesión da imaxe dos traballos premiados para a súa publicación, reproducción e/ou distribución, a través de calquera soporte que o permita, no marco do interese público e finalidad institucional de divulgación cultural para alcanzar os obxectivos da organización desta actividade municipal.

As actuacións o día do evento poderán ser grabadas e/ou fotografiadas tanto polos asistentes como pola organización, de tal forma que o Concello de Vigo poderá utilizaras segundo o recollido no parágrafo anterior.

## DÉCIMA.- O XURADO

O xurado será determinado polo Concello de Vigo entre especialistas en arte urbán.

O xurado seleccionará, conforme aos mesmos criterios descritos na fase de selección, a obra gañadora e as dúas que pasarán á condición de reserva para o caso citado anteriormente.

A decisión farase pública á conclusión da xornada.

## UNDÉCIMA.- O PREMIO

O participante premiado en primer lugar terá a posibilidade de participar como artista na seguinte edición da actividade municipal “Vigo, cidade de cor” (programa de medianeiras), para o que deberá cumplir con



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 04/09/2020 09:54

Páxina 4 de 5

Expediente 9958/307

CSV: 2BED86-B5AEA1-EDC9D1-SVDFRF-QE1TS9-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

todos os requisitos contidos nas bases da convocatoria que sexan aprobadas pola Xunta de Goberno Local. No caso de que non cumpra algún destes requisitos a posibilidade de participar no programa recaerá nos premiados en situación de reserva (o segundo, e se éste tampoco reúne os requisitos, o terceiro premiado).

#### **DUODÉCIMA E ÚLTIMA.- ACEPTACIÓN DAS BASES**

A participación neste concurso suporá a aceptación das presentes bases.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/09/2020 09:54	Página 5 de 5
Expediente 9958/307	CSV: 2BED86-B5AEA1-EDC9D1-SVDFRF-QE1TS9-H1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		